Grazas Xesús Resucitado

Xesús, grazas porque saes ao noso encontro como fixeches cos discípulos na beira do lago.

Grazas, Señor Resucitado, polo agasallo de sentirnos amados e perdoados, por compartir connosco o pan da amizade.

Grazas polo agasallo da comunidade de la Iglesia, que nos fai presente o teu amor, o teu perdón, o teu alimento que nos fortalece nos nosos desánimos.

Grazas polo agasallo da misión que nos encomendas de evanxelizar, de facerte presente hoxe no mundo, de levar o teu amor a todos os que están tristes ou desanimados.

Grazas tamén polo papa Francisco que nos ensinou que todos os bautizados formamos a Igrexa en igualdade e que a ela pertencemos "todos, todos, todos".



4-05-2025
Pascua -3º-C



JESÚS RESUCITADO NOS REGALA... 3



...el Amor, la Iglesia, la Misión

Pascua 3º

Feitos dos Apóstolos 5, 27b-32. 40b-41: ***Testemuñas disto somos nós e o Espírito Santo.***

Salmo 29: Heite enxalzar, Señor, porque me libraches.

Apocalipse 5, 11-14 ***Digno é o Año degolado de recibir o poder a riqueza.***

Xoán 21,1-19 (Breve): ***Xesús achégase, toma o pan e dállelo, e o mesmo o peixe.***

Narrador: Naquel tempo, Xesús apareceuse outra vez aos discípulos xunto ao lago de Tiberíades. E apareceuse desta maneira: Estaban xuntos Simón Pedro, Tomé, alcumado o Xemelgo; Natanael, o de Caná de Galilea; os Zebedeos e outros dous discípulos seus. Simón Pedro dilles:

Pedro: -*«Vou pescar».*

Narrador: Eles contestan:

Apóstolos: -*«Imos tamén nós contigo».*

Narrador: Saíron e embarcáronse; e aquela noite non colleron nada. Estaba xa amencendo, cando Xesús presentouse na beira; **pero os discípulos non sabían que era Xesús**. Xesús dilles:

Xesús: -*«Rapaces, tedes peixe?».*

Narrador: Eles contestaron:

Apóstolos: -*«Non».*

Narrador: El dilles:

Xesús: -«Botade a rede á dereita da barca e atoparedes».

Narrador: Botárona, e non podían sacala, pola multitude de peces. E aquel discípulo a quen Xesús amaba dille a Pedro:

Juan -*«É o Señor».*

Narrador: Ao oír que era o Señor, Simón Pedro, que estaba espido, atouse a túnica e botouse á auga. Os demais discípulos achegáronse na barca, porque non distaban de terra máis que uns douscentos cóbados, remolcando a rede cos peixes. Ao saltar a terra, ven unhas brasas cun peixe posto encima e pan. Xesús dilles:

Xesús -*«Traede dos peixes que acabades de coller».*

Narrador: Simón Pedro subiu á barca e arrastrou ata a beira a rede repleta de peces grandes: cento cincuenta e tres. E aínda que eran tantos, non rompeu a rede. Xesús dilles:

Xesús: -*«Vinde comer».*

Narrador: Ningún dos discípulos se atrevía a preguntarlle quen era, porque sabían ben que era o Señor. Xesús achégase, toma o pan e dállo, e o mesmo o peixe. Esta foi a terceira vez que Xesús apareceuse aos discípulos despois de resucitar de entre os mortos.

(Narrador-Xesús-Apóstolos-Pedro)









XESÚS RESUCITADO REGÁLANOS

…o Amor, a Igrexa, a Misión

1. VER: A alegría da Pascua

- Estamos en Pascua, tempo de alegría porque Cristo resucitou e convídanos a ter esperanza, a confiar, con El todo vai saír ben. María experimentou esta alegría cando o resucitado se lle apareceu. Comprenderíao todo…

Vives a alegría da Pascua en ti, no teu grupo ou comunidade?

2. XULGAR: O regalos do Resucitado

-No evanxeo de hoxe, Xesús resucitado **preséntase** aos apóstolos en pleno traballo, pescando, prepáralles comida pois necesitan forzas para saír e ser as súas testemuñas. Xoán é o primeiro que o descobre *"É o Señor!"*. Logo Xesús pregúntalle a Pedro se o ama.

Xoán 21, 1-19, película: https://youtu.be/CUNXYd2vfT0

QUE NOS QUERE DICIR?

- Xesús Resucitado regala aos apóstolos o Amor.

*A Pedro pregúntalle por tres veces se oe ama. El chámanos tamén a nós e convídanos a sentirnos amados e perdoados por El. Ti e mais eu somos os amados de Deus. Preguntémonos como é a nosa fidelidade a Xesús que se fai xestos e accións que bañan o que nos rodea cada día.

- Xesús Resucitado regala aos apóstolos a Igrexa.

Xesús resucitado aparécese ao grupo dos apóstolos, eles, formando Igrexa, descóbreno presente no medio deles: "É o Señor". Xuntos teñen experiencia de encontro co Resucitado. Valoremos a comunidade, a pertenza á Igrexa, nela Xesús segue facéndose presente, nela compartimos o seu pan e recibimos o seu perdón.

-Xesús Resucitado regala aos apóstolos unha Misión.

* Chámanos a "botar as redes", a pastorear as ovellas, a evanxelizar. El segue presente e actuando na nosa misión guiándonos.

Quéresme?, Verbo Divino 2022, reflexión: https://youtu.be/uje-ifs8DDo

Vives estes regalos do Resucitado? Como?

3. ACTUAR: Xesús vai contigo

- Agradecemos a Deus a vida de Francisco que nos falou de Xesús como ese amigo próximo, que nos pide realizar a misión de facer lea, de levar a Xesús ás periferias, vivir a alegría da fe e a misericordia de Deus con todos.
- Dedicade tempo a atoparvos con Xesús na oración, no partir o pan (eucaristía). Aí poderedes sentir a alegría desta con el e dicir: "É o Señor!". -Facede un mural coa frase "É o Señor" e vede onde podedes atopalo hoxe.

Que imos facer? E como grupo?

O espírito do lume, Verbo Divino-2025, reflexión: https://youtu.be/1iT6lyXrlls